

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8340** *Real decreto 710/2015, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.*

A Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores, e pola que se derroga a Directiva 91/157/CEE, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Esta directiva impuxo, no seu artigo 4, aos Estados membros a obriga de prohibir a posta no mercado de pilas e acumuladores con contido de mercurio e de cadmio por enriba de determinadas porcentaxes pero exceptuou, entre outros, as pilas botón cun contido de mercurio superior ao dous por cento en peso e as pilas e acumuladores portátiles que conteñan cadmio destinados a ser utilizados en ferramentas eléctricas sen fíos. No entanto, como consecuencia da evolución do mercado de pilas botón na Unión Europea cara ás pilas botón sen mercurio e da revisión da excepción relativa ao contido de cadmio nas ferramentas eléctricas sen fíos, prevista no dito artigo, foi adoptada a Directiva 2013/56/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores, no que respecta á posta no mercado de pilas e acumuladores portátiles que conteñan cadmio, destinados a utilizarse en ferramentas eléctricas sen fíos, e de pilas botón cun baixo contido de mercurio. Ademais, a nova directiva de 2013 derroga a Decisión 2009/603/CE da Comisión, pola que se establecen requisitos para o rexistro de produtores de pilas e acumuladores. Por todo iso, debe incorporarse ao noso dereito interno esta nova directiva.

Cabe sinalar, ademais, que a directiva de 2013 pon datas límite ás mencionadas excepcións, ben que, establece que, se se producise xustificadamente unha falta de dispoñibilidade de pilas botón para audífonos, a Comisión Europea podería facer unha proposta adecuada co fin de prolongar a excepción a que fai referencia o artigo 4, exclusivamente para as pilas botón destinadas a audífonos. Así mesmo, a nova directiva introduce algunhas modificacións máis que afectan, entre outros, a forma de extracción das pilas e acumuladores dos aparellos que os conteñen e o procedemento de rexistro de produtores de pilas e acumuladores, e incorpórase un novo anexo IV que contén os requisitos para o rexistro que establecía a Decisión 2009/603/CE da Comisión, do 5 de agosto, pola que se establecen requisitos para o rexistro de produtores de pilas e acumuladores, de conformidade coa Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

Por outra parte, é necesario aproveitar esta transposición para introducir ademais algunhas melloras e actualizacións na regulación do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, que a experiencia aconsellou necesarias. Entre estas últimas, cabe subliñar as relativas á información que deben achegar ás administracións públicas tanto os produtores de pilas e acumuladores como as instalacións de tratamento e reciclaxe, a aplicación do cálculo do nivel de eficiencia de reciclaxe de conformidade co Regulamento (UE) n.º 493/2012 da Comisión, do 11 de xuño de 2012, polo que se establecen, de conformidade coa Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, normas detalladas para o cálculo dos niveis de eficiencia dos procesos de reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores. Igualmente, a través desta modificación, adáptase o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, ao réxime previsto sobre responsabilidade ampliada do produtor na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, en aplicación

da habilitación da disposición derradeira terceira da mesma lei. Entre as modificacións que se inclúen cabe destacar o establecemento de novos obxectivos de recollida destes residuos. Para o cálculo destes obxectivos, amplíase o concepto de índice de recollida de maneira que non se aplicará unicamente ás pilas e acumuladores portátiles, senón tamén ás de automoción e industriais. Deste modo, para o cálculo dos obxectivos, acudirase á información incorporada no Rexistro Integrado Industrial, en relación coas pilas e acumuladores portátiles, de automoción e industriais.

Finalmente, este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente. A través desta norma, cun importante contido de carácter técnico, promóvese o uso eficiente dos recursos, e garántese a protección da saúde humana e do ambiente, ao se estableceren as condicións da actividade dos xestores de residuos de pilas e acumuladores, o que repercute directamente no funcionamento do mercado de xestión destes residuos e na súa organización.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas, a cidade de Ceuta e a cidade de Melilla, así como as entidades locais e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, o proxecto remitiuse á Comisión de Coordinación en Materia de Residuos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e co disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2015,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.*

O Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«1. Este real decreto aplicarase a todo tipo de pilas, acumuladores e baterías, independentemente da súa forma, volume, peso, composición ou uso. Esta aplicación levarase a cabo en coherencia coas previsións contidas no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, e no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, en relación coas pilas, acumuladores e baterías procedentes dos vehículos ao final da súa vida útil e dos procedentes dos aparellos eléctricos e electrónicos, respectivamente.»

Dous. As definicións i), j), n), x), y) e aa) do artigo 3 quedan redactadas nos seguintes termos:

«i) Residuo de pila ou acumulador: pila, acumulador ou batería que sexa un residuo segundo a definición de residuo establecida no artigo 3.a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.»

«j) Residuos perigosos de pilas ou acumuladores: de conformidade co artigo 3.e) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os residuos de pilas ou acumuladores que presenten unha ou varias das características que permiten cualificalos de perigosos,

enumeradas no anexo ao Regulamento (UE) n.º 1357/2014 da Comisión, do 18 de decembro, polo que se substitúe o anexo III da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, así como aqueles residuos de pilas ou acumuladores que poida aprobar o Goberno como perigosos de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais de que España sexa parte.

En todo caso, están incluídos nos residuos de pilas e acumuladores considerados perigosos aqueles que figuren cun asterisco na Lista europea de residuos, establecida na Decisión 2014/955/UE da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Entre eles pódense mencionar:

- 16 06 01\* (acumuladores e baterías de chumbo).
- 16 06 02\* (acumuladores e baterías de níquel-cadmio).
- 16 06 03\* (pilas que conteñen mercurio).
- 20 01 33\* (pilas, acumuladores e baterías, especificados nos códigos anteriores, xerados como residuos domésticos ou residuos asimilables, procedentes dos fogares, comercios, industrias e institucións, así como as fraccións que conteñan estas pilas, acumuladores ou baterías).»

«n) Aparello: aparello eléctrico ou electrónico, tal como se define no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, que se alimente ou poida ser alimentado, total ou parcialmente, por medio de pilas ou acumuladores.»

«x) Sistema individual de responsabilidade ampliada: sistema organizado por un só produtor de pilas, acumuladores ou baterías para dar cumprimento de forma individual ás obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor, conforme o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no presente real decreto.»

«y) Sistema colectivo de responsabilidade ampliada: sistema organizado por un grupo de produtores de pilas, acumuladores ou baterías, xunto con outros operadores económicos que puidesen participar, para dar cumprimento de forma colectiva ás obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor conforme o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no presente real decreto.»

«aa) Índice de recollida: a porcentaxe resultante de dividir o peso dos residuos de pilas e acumuladores portátiles recollidos nun ano natural dado, conforme o artigo 10 deste real decreto ou o Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, polo peso medio das pilas e acumuladores portátiles que os produtores vendan directamente aos usuarios finais, ou entreguen a terceiros para vendelos aos usuarios finais, durante ese ano natural e os dous anos naturais precedentes. Este mesmo índice de recollida aplicarase ao resto de pilas e acumuladores de automoción e industriais para o cálculo dos obxectivos de recollida.»

Tres. O artigo 3 bis queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3 bis. *Inscripción de autorizacións e comunicacións no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos.*

As autorizacións e comunicacións previstas neste real decreto inscribíraas no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos recollido no artigo 39 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, a autoridade competente da comunidade autónoma que as outorgue.»

Catro. Os puntos 1 e 4 e a letra c) do punto 5 do artigo 4 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Soamente se poderán poñer no mercado en territorio nacional as pilas, acumuladores e baterías que reúnan todas e cada unha das condicións e requisitos

exixidos neste real decreto. Se se detectase, en calquera parte do territorio español, a comercialización de pilas, acumuladores ou baterías que non cumpran con estas condicións e requisitos, estes produtos serán inmediatamente retirados do mercado na forma establecida pola lexislación vixente. Non obstante, as pilas, acumuladores ou baterías que non cumpran cos requisitos do presente real decreto relativos ao seu contido en cadmio e en mercurio, pero que fosen postos no mercado legalmente antes da data de aplicación das prohibicións respectivas do presente artigo, poderán continuar comercializándose ata que se esgoten as existencias.»

«4. A prohibición que figura no punto 3.a) non se aplicará ás pilas botón cun contido de mercurio non superior ao 2 por cento en peso ata o 1 de outubro de 2015.»

«c) ferramentas eléctricas sen fíos, a presente excepción respecto das ferramentas eléctricas sen fíos aplicarase ata o 31 de decembro de 2016.»

Cinco. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Obrigas derivadas da posta no mercado de pilas, acumuladores ou baterías.*

1. En aplicación do artigo 31 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, todo produtor estará obrigado a facerse cargo da recollida e xestión das cantidades e tipos de pilas, acumuladores e baterías usados que puxese no mercado, para a súa venda ao usuario final en territorio español, calquera que fose a modalidade de venda, xa sexa directa, electrónica, por correo ou automática. A dita recollida e xestión deberase levar a cabo na forma establecida neste real decreto. Para estes efectos consideraranse, ao menos, os seguintes tipos de pilas, acumuladores e baterías:

- a) Pilas botón.
- b) Pilas estándar.
- c) Acumuladores portátiles.
- d) Pilas, acumuladores e baterías de automoción.
- e) Pilas, acumuladores e baterías industriais con cadmio.
- f) Pilas, acumuladores e baterías industriais con chumbo.
- g) Pilas, acumuladores e baterías industriais sen cadmio e sen chumbo.
- h) Outros tipos.

O cálculo das cantidades postas no mercado por cada tipo de pila, acumulador ou batería realizarase por anos naturais e expresarase como o peso das pilas, acumuladores e baterías postos no mercado en territorio español no ano de que se trate, excluindo todas as pilas, acumuladores e baterías que saian do territorio español ese mesmo ano antes de ser vendidos aos usuarios finais. A posta no mercado de cada pila, acumulador ou batería contabilizarase unha soa vez.

2. En aplicación dos artigos 31 e 32 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, o produtor deberá facerse cargo, de forma individual ou de forma colectiva, da recollida e xestión a que se refire o punto anterior, seguindo algunha ou varias das seguintes posibilidades:

a) Establecendo o seu propio sistema individual de responsabilidade ampliada, estes sistemas poderán subscribir acordos voluntarios na forma establecida no artigo 20.

b) Participando nun sistema colectivo de responsabilidade ampliada.

c) Establecendo un sistema de depósito, devolución e retorno das mesmas pilas, acumuladores e baterías usados que puxese no mercado, ben como modalidade de sistema individual de responsabilidade ampliada ou tamén xunto con outros produtores dentro dun sistema colectivo de responsabilidade ampliada.

d) Contribuíndo economicamente aos sistemas públicos de xestión implantados, de forma proporcional ás cantidades de produto que poñan no mercado e atendendo aos custos efectivos da súa xestión.

3. Os sistemas polos cales opten os produtores, entre os indicados no punto anterior, deberán estar dotados dos medios adecuados e dunha rede de puntos de recollida selectiva periódica, que sexa suficiente para cubrir todo o territorio en que se comercializasen os seus produtos, e dunha rede de puntos de recollida selectiva periódica que sexa suficiente a xuízo da autoridade competente da comunidade autónoma que reciba a comunicación ou lles conceda a autorización, logo de informe da Comisión de Coordinación en Materia de Residuos, de conformidade co artigo 32.3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Unha vez recollidos e clasificados, os residuos de pilas e acumuladores serán trasladados a plantas autorizadas de tratamento e reciclaxe.

4. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías, exceptuando as baterías de chumbo-ácido, que co seu uso dean lugar a residuos perigosos, subscribirán fianzas, seguros ou garantías financeiras, nos termos que exixa a autoridade competente, que acreditarán perante o órgano competente da comunidade autónoma que corresponda. As fianzas, seguros ou garantías financeiras cubrirán as responsabilidades a que poidan dar lugar as actividades do sistema de responsabilidade ampliada, atendendo ás características, perigosidade e potencial de risco destas actividades, e asegurarán o financiamento da xestión destes residuos de maneira que permitan que se cumpran as obrigas de responsabilidade ampliada ante situacións de incumprimento, insolvencia ou disolución do sistema.

5. As empresas ou entidades que realicen operacións de xestión de residuos de pilas ou acumuladores someteranse, en función da súa actividade, ao réxime de autorización e comunicación establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Non quedan sometidos aos requisitos de autorización ou comunicación dos xestores de residuos os puntos de recollida selectiva, públicos ou privados, que se limiten a recibir nos seus establecementos as pilas, acumuladores ou baterías usados para a súa entrega a un xestor, sen prexuízo de que os puntos de recollida selectiva en que se recollan ademais outros residuos quedarán sometidos igualmente á normativa sectorial aplicable.

6. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías que poñan estes produtos no mercado nacional, incluídos os produtores que realizan venda a distancia, comunicarán a súa condición de produtor ao Rexistro Integrado Industrial de ámbito estatal. No caso da venda a distancia de pilas, acumuladores ou baterías por vendedores localizados noutros países, estes deberán comunicar a súa condición de produtor ao mencionado rexistro e obter o número de rexistro a que se refire a disposición adicional primeira.»

Seis. Modifícase a denominación do capítulo III da seguinte forma:

### «CAPÍTULO III

#### **Sistemas de responsabilidade ampliada do produtor»**

Sete. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Sistemas individuais de responsabilidade ampliada.*

1. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir de forma individual as obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor establecidas no título IV da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 5.1, establecendo o seu propio sistema individual de responsabilidade ampliada. Para estes efectos, os produtores presentarán unha comunicación previa ao inicio das actividades de recollida e xestión, e indicarán o seu funcionamento e as medidas que aplicarán

para o cumprimento das ditas obrigas. Esta comunicación presentarse ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social no momento de presentala, será válida para todo o territorio nacional e inscribírase no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos antes do inicio das actividades.

2. Mediante o sistema individual de responsabilidade ampliada, o produtor organizará directamente ao seu cargo as operacións de xestión correspondentes aos residuos de pilas ou acumuladores que puxese no mercado. Cando, de conformidade co artigo 6.1, o produtor opte por contribuír a sistemas públicos de xestión implantados no seu ámbito territorial sufragando o custo que lle corresponda, deberá, non obstante, organizar ao seu cargo as operacións restantes que non preste o sistema público.

3. O contido da comunicación a que se refire o punto 1 deberá ser como mínimo o recollido no anexo IX da Lei 22/2011, do 28 de xullo. A esta comunicación xuntarase a documentación relativa á garantía financeira subscrita polo produtor cando corresponda conforme o artigo 5.4.

O órgano competente da comunidade autónoma ante o que se presentase a comunicación supervisará a documentación presentada e, en concreto, a contía da fianza, seguro ou garantía financeira segundo os criterios que se establezan regulamentariamente, de conformidade co punto 1.b) da disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

A garantía estará vixente no momento do inicio da actividade do sistema individual e deberá manterse e, se é o caso, repoñerse, ao longo dun período de validez de cinco anos, tras o cal se revisarán as condicións e a contía da garantía.

Os produtores que individualmente establezan o seu propio sistema de depósito, devolución e retorno deberán incluír esta previsión na comunicación previa ao inicio das súas actividades, e indicarán, ademais dos contidos xa mencionados, o funcionamento do sistema para o cumprimento das ditas obrigas, con identificación dos vendedores das súas pilas, acumuladores e baterías postos no mercado, así como da localización dos establecementos de venda e recollida destes produtos.

4. Os sistemas individuais de responsabilidade ampliada someteranse a unha auditoría, realizada por unha entidade independente que verifique cada ano o grao de cumprimento das obrigas do produtor, de acordo co previsto neste real decreto. Esta auditoría poderá realizarse a través da organización do acordo voluntario en que, se é o caso, participen os sistemas individuais.»

Oito. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Sistemas colectivos de responsabilidade ampliada.*

1. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir de forma colectiva as obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor establecidas no título IV da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 5.1, a través de sistemas colectivos de responsabilidade ampliada. Para estes efectos, constituirán unha asociación das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación ou unha entidade con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro.

2. De conformidade co artigo 32.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada serán autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social no momento de presentar a solicitude. Esta comunidade autónoma concederá a dita autorización, se procede, tras a solicitude por parte do sistema e logo de informe da Comisión de Coordinación en Materia de Residuos. A autorización será válida para todo o territorio nacional e inscribírase no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos antes do inicio das actividades.



O contido da solicitude de autorización deberá ser como mínimo o recollido no anexo X da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e deberá completarse incluíndo ademais a seguinte información:

- a) Identificación segregada dos produtores e, se é o caso, dos operadores económicos adheridos ao sistema colectivo.
- b) Descrición do conxunto de operacións que comprende o sistema colectivo, incluídas as operacións de depósito, devolución e retorno que se organicen de acordo co artigo 9.1.
- c) Se é o caso, documento do contrato ou do acordo, suscrito entre o sistema colectivo e as plantas ou instalacións de tratamento e reciclaxe.
- d) Identificación e domicilio social das empresas ou entidades a que se asignen as operacións de xestión dos residuos de pilas ou acumuladores, con indicación da localización das plantas ou instalacións de tratamento e reciclaxe destes.
- e) Identificación e localización dos medios de xestión, tales como puntos de recollida selectiva, unidades de transporte e diagramas de rutas.
- f) Cando sexa posible, os produtores que se integran no sistema subministrarán as cantidades (en pesos e unidades) e tipos de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado durante os dous anos anteriores á solicitude.
- g) No caso de que os produtores, ou algúns deles, opten por un sistema de depósito, devolución e retorno de acordo co artigo 9, identificarán os produtores que se incorporen a el, así como as actividades e os establecementos de venda e recollida de pilas, acumuladores e baterías correspondentes a este sistema.
- h) Identificación do símbolo acreditativo do sistema colectivo.

As autorizacións que se concedan aos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada serán temporais, outorgaranse por un período de validez de cinco anos e poderán ser renovadas por períodos sucesivos.

3. Para os efectos da aplicación deste real decreto, os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada establecerán convenios de colaboración coas entidades locais e comunidades autónomas cando estas interveñan na organización da xestión dos residuos de pilas ou acumuladores; na negociación e posta en práctica destes convenios participarán ambas as administracións de conformidade coas súas respectivas competencias. Nos ditos convenios estableceranse, ademais dos obxectivos de xestión de residuos, as condicións de recollida, almacenamento, tratamento e eliminación dos materiais contidos nas pilas, acumuladores e baterías usados.

4. De conformidade co artigo 32.5.j) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, o sistema colectivo formulará contas anuais en cada exercicio social conforme no establecido en Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos. Estas contas anuais someteranse a unha auditoría externa, realizada por un auditor de contas. As contas anuais, auditadas e aprobadas, deberán ser presentadas cada ano á Comisión de Coordinación en Materia de Residuos, e xuntarse ademais o seu orzamento para o ano seguinte. Esta comisión poderá solicitar a información complementaria que resulte necesaria.

Así mesmo, unha entidade independente verificará cada ano o grao de cumprimento das obrigas exixidas no presente real decreto, incluíndo a verificación das achegas dos produtores ao sistema e a xustificación do seu destino ao cumprimento das ditas obrigas, a análise dos custos de tratamento dos residuos e do impacto ambiental dos compoñentes, e emitirá o informe correspondente ás mencionadas verificacións. Esta información remitirase tamén á Comisión de Coordinación en Materia de Residuos.

5. Para cumprir coas obrigas establecidas neste real decreto, os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada financiarán os seus custos netos a través

das cotas ou contribucións dos produtores das pilas, acumuladores e baterías. O sistema colectivo comunicará, coa debida antelación a todos os seus integrantes, a previsión de modificación dos custos de xestión dos residuos, o que se reflectirá nas achegas dos produtores ao sistema colectivo e a xustificación do seu destino ao cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor.

6. Á solicitude de autorización a que se refire o punto 2 xuntarase a documentación relativa á garantía financeira subscrita polo sistema colectivo de conformidade co previsto no artigo 5.4. O órgano competente da comunidade autónoma ante a que se presentase a solicitude supervisará a documentación entregada e, en concreto, a contía da garantía financeira segundo os criterios que se establezan regulamentariamente, de conformidade co punto 1.b) da disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

A garantía estará vixente no momento do inicio da actividade do sistema colectivo e deberá manterse e, se é o caso, repoñerse, ao longo do período de validez da autorización, tras o cal e se procedese a renovación da autorización, se revisarán as condicións e a contía da garantía.»

Nove. Elimínanse os puntos 5 e 6 e modifícase a redacción dos puntos 1 e 4 do artigo 9, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir individualmente as obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor establecidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 5.1, establecendo o seu propio sistema de depósito, devolución e retorno como modalidade individual de responsabilidade ampliada. Non obstante, cando así se acorde, tamén un grupo de produtores poderá organizar un sistema de depósito, devolución e retorno e funcionar dentro dun sistema colectivo de responsabilidade ampliada.»

«4. O importe en concepto de depósito a que fai referencia o punto 2 será fixado mediante orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que incorporará un anexo neste real decreto en que se especificará a contía do depósito para os distintos tipos de pilas, acumuladores e baterías para os que proceda.»

Dez. Suprímese o punto 3 do artigo 10, que permanecerá sen contido. E modifícanse o punto 1, a letra c) do punto 4 e os puntos 5 e 7 do mesmo artigo, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A recollida dos residuos de pilas ou acumuladores portátiles deberase realizar mediante procedementos específicos de recollida selectiva. Para iso crearanse redes de puntos de recollida selectiva distribuídos de acordo coa densidade de poboación e en número suficiente, accesibles e próximos ao posuidor ou usuario final; en calquera caso, a entrega polo posuidor ou usuario final será sen custo ningún para estes, que non estarán obrigados a adquirir pilas ou acumuladores portátiles novos.

Estes procedementos poderanse utilizar xunto cos procedementos de recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos que se regulan no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro.»

«c) Mediante os servizos postos en funcionamento polos sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada do produtor.»

«5. Nos puntos de recollida selectiva deberase expoñer ao público a suficiente información que facilite e permita a correcta operación de depósito en cada punto, con indicación, se for necesario, da forma de separalos en función de tipos e tamaños.»

«7. Os produtores garantirán, mediante sistemas de responsabilidade ampliada ou, se é o caso, mediante achega ao sistema público, o traslado destes



residuos ata as plantas ou instalacións de tratamento e reciclaxe. Os produtores poderán cumprir esta obriga directamente cos seus propios medios ou ben a través de terceiros, debidamente autorizados, que llos proporcionen. Os sistemas de responsabilidade ampliada poderán subscribir contratos ou acordos coas plantas ou instalacións de tratamento e reciclaxe, conforme o establecido no Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.»

Once. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 11, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A recollida dos residuos de pilas, acumuladores industriais ou de automoción e o seu traslado ás plantas de tratamento e reciclaxe realizaranos preferentemente os propios produtores a través do sistema de responsabilidade ampliada en que participen ou ben mediante os servizos das empresas de xestión con que contraten, logo de autorización ou comunicación, de conformidade coa Lei 22/2011, do 28 de xullo. As operacións de recollida, almacenamento e transporte destes residuos deberán ser gratúitas para o posuidor ou usuario final. Estes produtores poderán subscribir acordos voluntarios con outros operadores económicos ou con terceiros, para facilitar os servizos de recollida e traslado ás instalacións autorizadas que correspondan, para a súa correcta xestión ambiental.»

«3. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías industriais, ou aqueles que actúen no seu nome, quedan obrigados a aceptar, dos posuidores ou usuarios finais, as pilas, acumuladores e baterías industriais usados que lles entreguen, e iso sen custo ningún para os ditos posuidores ou usuarios finais. Estas obrigas sonlles exixibles con independencia da composición química ou orixe destas pilas, acumuladores e baterías usadas. As pilas, acumuladores e baterías industriais tamén poderán recollelas operadores autorizados ou rexistrados para iso, segundo establece a Lei 22/2011, do 28 de xullo.»

Doce. O número 1, o primeiro parágrafo do número 2, o número 3 e o número 4, todos eles do artigo 12, quedan redactados nos seguintes termos respectivamente:

«1. Todos os residuos de pilas ou acumuladores recollidos de acordo co disposto nos artigos 10 e 11, ou de acordo co establecido no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, serán sometidos a tratamento e reciclaxe; deberanse utilizar procedementos que se axusten, como mínimo, ao exixido neste real decreto e ao resto de lexislación en vigor en materia de residuos, de saúde e seguridade.

2. O tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas ou acumuladores deberanse realizar en instalacións autorizadas establecidas polos produtores ou por terceiros debidamente autorizados, e deberanse utilizar, desde o 26 de setembro de 2009, as mellores técnicas dispoñibles para a protección da saúde e do ambiente, dando prioridade á aplicación do principio de proximidade.

3. As operacións de tratamento deberanse axustar aos requisitos mínimos previstos na parte A do anexo III.

Cando os residuos de pilas ou acumuladores sexan recollidos conxuntamente cos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos segundo o Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, as pilas e acumuladores extraeranse do interior destes residuos.

4. Os procesos de reciclaxe axustaranse ás disposicións e niveis mínimos de eficiencia de reciclaxe establecidos na parte B do anexo III, antes do 26 de setembro de 2011. Os niveis de eficiencia de reciclaxe alcanzados en cada ano natural calcularanse conforme o Regulamento (UE) n.º 493/2012 da Comisión, do 11 de xuño de 2012, polo que se establecen, de conformidade coa Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, normas detalladas para o cálculo dos niveis de eficiencia dos procesos de reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores.»

Trece. O artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Financiamento da recollida e xestión dos residuos de pilas e acumuladores.*

1. Todos os custos das operacións de recollida e xestión dos residuos de pilas ou acumuladores portátiles, industriais e de automoción, levadas a cabo en aplicación dos artigos 10 e 11, respectivamente, incluídos os de recollida selectiva, transporte, clasificación, almacenamento temporal, tratamento e reciclaxe, serán sufragados polos produtores conforme o sistema de responsabilidade ampliada utilizado.

2. No caso específico das pilas, acumuladores e baterías recollidos en aplicación do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, e do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, o custo das operacións de recollida e xestión, incluídos o transporte, clasificación, almacenamento temporal, tratamento e reciclaxe, será sufragado polos produtores desas pilas, acumuladores e baterías, sen que, en ningún caso, poida dar lugar a unha duplicación de custos para unha mesma operación de xestión. Para este fin, exclusivamente no caso de que as pilas, acumuladores ou baterías estean incorporados aos aparellos ou vehículos sen que os usuarios finais poidan extraelos facilmente deles, o financiamento da recollida e xestión completa dos residuos de pilas, acumuladores e baterías deberá correr por conta dos produtores dos aparellos ou vehículos. Para o cumprimento das obrigas deste punto, os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán subscribir acordos cos produtores dos vehículos, ou cos sistemas de xestión de vehículos ou centros autorizados de tratamento (CAT), regulados no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, así como cos produtores de aparellos eléctricos e electrónicos ou cos sistemas de responsabilidade ampliada en que se integren, regulados no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro.

3. No caso de que os produtores opten pola creación de sistemas colectivos de responsabilidade ampliada para asumir as obrigas deste artigo, deberán achegar ao sistema unha cantidade por cada pila, acumulador ou batería que poñan por primeira vez no mercado e que teñan a obriga de recoller e xestionar conforme o artigo 5.1, cantidade que será proporcional aos custos netos de xestión dos residuos e ao impacto ambiental dos seus compoñentes.

4. Para os efectos de facilitar o control e seguimento do financiamento dos sistemas de responsabilidade ampliada e de garantir a súa máxima transparencia e rastrexabilidade, os produtores de pilas, acumuladores ou baterías integrados nos ditos sistemas poderán identificar os custos das operacións de recollida, tratamento e reciclaxe de cada categoría de pilas, acumuladores ou baterías, especificándoo na factura de venda na posta no mercado dos seus produtos; en todo caso, para garantir que o produtor cumpre coas súas obrigas de responsabilidade ampliada, este fará constar a súa incorporación a un sistema de responsabilidade ampliada e o número de inscrición no Rexistro Integrado Industrial. Os custos non se indicarán por separado, en ningún caso, aos usuarios finais no momento da venda de pilas ou acumuladores portátiles novos.

5. Os produtores estarán obrigados a facilitar a comprobación, por parte dos responsables dos distintos sistemas de recollida, da cantidade e tipos de pilas, acumuladores e baterías que poñan no mercado. Os produtores integrados nun sistema colectivo de responsabilidade ampliada terán esta mesma obriga con respecto ao propio sistema. Os distribuidores ou vendedores achegarán aos sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada a información respectiva debidamente acreditada da cantidade e tipo de pilas, acumuladores e baterías que subministren ou vendan ao usuario final, postos no mercado polos ditos produtores.

6. Os produtores ou, se é o caso, os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada, ou outras entidades que actúen en nome dos produtores, financiarán os custos derivados da realización de campañas de información ao público sobre recollida, tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores portátiles.

Estas campañas deberán ser aprobadas polas comunidades autónomas en cuxo territorio se realicen ou polas autoridades administrativas competentes que correspondan.

7. O presente artigo é de aplicación para todos os residuos de pilas ou acumuladores, independentemente da data da súa posta no mercado.»

Catorce. Dáse unha nova redacción ao punto 1, engádesse unha nova letra c) ao número 2 e unha nova letra c) ao número 3 do artigo 15. Adicionalmente, modifícase o número 4 do mesmo artigo. Quedan redactados nos seguintes termos, respectivamente:

«1. O índice de recollida calcularase por primeira vez respecto do ano 2011. As cifras anuais de recollida e de vendas incluírán as pilas e acumuladores incorporados a aparellos.

Os obxectivos mínimos anuais no ámbito estatal deberán cumprirse en cada comunidade autónoma. Para iso calcularanse as vendas estimadas no territorio autonómico de pilas e acumuladores portátiles en función da poboación, segundo os últimos datos dispoñibles do Instituto Nacional de Estatística en 31 de decembro do ano precedente; as vendas estimadas das pilas, acumuladores e baterías de automoción calcularanse en función do parque de vehículos; e as vendas de pilas, acumuladores e baterías industriais estimaranse en función do PIB. Non obstante, a Comisión de Coordinación en Materia de Residuos poderá arbitrar mecanismos de compensación para modular os obxectivos autonómicos en función de parámetros adicionais que se consideren adecuados, tales como indicadores oficiais de desenvolvemento económico e social, de desenvolvemento industrial ou indicadores cuxa incidencia na xeración de residuos de pilas ou acumuladores fose demostrada, e que, en calquera caso, garantan o cumprimento dos obxectivos mínimos no ámbito estatal.»

«c) O 50 por cento a partir do 31 de decembro de 2020.»

«c) A partir do 31 de decembro de 2018, deberase alcanzar un índice mínimo de recollida anual do 98 por cento.»

«4. Sen prexuízo das obrigas dos produtores establecidas no artigo 5, a partir do 31 de decembro de 2011 deberase alcanzar, como mínimo, o obxectivo de recollida anual para o conxunto do territorio nacional do 95 por cento en peso dos residuos de pilas, acumuladores e baterías industriais que conteñan cadmio xerados no ano precedente ao da recollida.

Así mesmo, deberanse alcanzar os seguintes índices mínimos de recollida de residuos de pilas, acumuladores e baterías industriais:

a) O 98 por cento para as pilas, acumuladores e baterías industriais que conteñan cadmio, a partir do 31 de decembro de 2017.

b) O 98 por cento para as pilas, acumuladores e baterías industriais que conteñan chumbo, a partir do 31 de decembro de 2017.

c) O 70 por cento por cento para as pilas, acumuladores e baterías industriais que non conteñan nin cadmio nin chumbo, a partir do 31 de decembro de 2020.»

Quince. O artigo 17 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17. *Extracción das pilas e acumuladores dos aparellos que os conteñen.*

1. Os fabricantes de aparellos que conteñan pilas ou acumuladores deberán deseñalos de tal forma que poidan ser extraídos con facilidade, salvo que, por razóns de seguridade, rendemento, de orde médica ou de integridade de datos, a continuidade da alimentación da enerxía sexa necesaria e requira unha conexión permanente entre o aparello e a pila ou acumulador.

2. Cando por causas técnicas, ou de forza maior, non sexa posible que os usuarios finais poidan extraer facilmente estes residuos, os fabricantes dos aparellos

deberán deseñalos de modo que un profesional cualificado, independente do fabricante, si poida extraelos facilmente.

3. Os aparellos que leven incorporados pilas ou acumuladores deberán ir acompañados de instrucións claras sobre como se pode realizar a extracción das pilas e acumuladores de forma segura tanto polo usuario final como polo profesional cualificado independente. As instrucións deberán indicar, ademais, que antes de depositar o aparello nas instalacións de recollida o usuario final deberá extraer as pilas e acumuladores deste e depositalos nos puntos de recollida selectiva destes residuos, sempre que non sexa necesaria a intervención dun profesional cualificado para iso. Se é o caso, nas ditas instrucións deberase informar o usuario final sobre os tipos de pilas ou acumuladores incorporados ao aparello e necesarios para o seu funcionamento.»

Dezaseis. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Información ás administracións públicas.*

1. Antes do 1 de abril de cada ano, os produtores ou os sistemas de responsabilidade ampliada que se establezan remitirán ás autoridades competentes das comunidades autónomas un informe anual sobre as súas actividades que conteña a seguinte información:

a) Identificación do produtor ou dos produtores integrados no sistema de responsabilidade ampliada e dos operadores económicos que participan nel.

b) Actividades de xestión organizadas ou realizadas polo produtor ou polo sistema de responsabilidade ampliada, e medios utilizados para iso, durante o ano natural precedente no ámbito da comunidade autónoma correspondente, así como identificación das instalacións de tratamento e reciclaxe onde van destinados os residuos de pilas ou acumuladores recollidos na dita comunidade autónoma. Se é o caso, indicárase a existencia, características, condicións e alcance dos acordos voluntarios subscritos polo produtor para a xestión destes residuos na dita comunidade autónoma.

c) Cantidades estimadas en peso e por tipos de pilas, acumuladores e baterías postos á venda no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente, durante cada un dos tres anos naturais precedentes, obtidos mediante procedementos debidamente xustificados (procedementos de repartición por autonomías da cantidade total posta no mercado español proporcionalmente á repartición doutros indicadores como a poboación, o PIB, o parque español de vehículos ou outros indicadores oficiais).

d) Cantidades reais, en peso e por tipos, dos residuos de pilas ou acumuladores recollidos e xestionados polo sistema de responsabilidade ampliada na comunidade autónoma correspondente durante o ano natural precedente.

e) Índice de recollida alcanzado polo sistema de responsabilidade ampliada durante o ano precedente no conxunto do territorio español e índice estimado de recollida alcanzado polo sistema no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente.

f) Se é o caso, contribución aos sistemas públicos de xestión polos cales optasen os produtores, sinalando as operacións cubertas polo sistema público.

g) Garantía da solvencia e situación económica acreditada a través do xustificante da existencia dun seguro, aval ou outra garantía financeira subscrita de acordo co previsto no artigo 5.4; a través da declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, fornecementos, servizos ou traballos realizados pola entidade no exercicio anterior e, se fose necesario, a través das contas ou informes de auditoría anuais. Se por razóns xustificadas non se pode achegar algún dos documentos mencionados nos parágrafos anteriores, poderá acreditarse a solvencia económica e financeira mediante un informe de institucións financeiras autorizadas legalmente

para operar en España, ou mediante calquera outra documentación considerada como suficiente pola autoridade autonómica competente.

h) Outros datos que a autoridade competente da comunidade autónoma, o produtor ou a entidade administradora do sistema consideren necesarios para facilitar a comprobación de que se cumpre o presente real decreto.

Esta información irá acompañada dos informes e auditorías realizados aos ditos sistemas, a que se refiren os artigos 7.4 e 8.4.

2. Antes do 1 de maio de cada ano, as plantas ou instalacións españolas de tratamento e reciclaxe de pilas, acumuladores ou baterías remitirán á autoridade competente da comunidade autónoma onde se encontren situadas a seguinte información referida ao ano natural precedente:

a) A memoria resumo a que se refire o artigo 41.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Esta memoria estará constituída por dúas partes diferenciadas, unha parte relativa aos residuos de pilas ou acumuladores xerados en territorio español e outra parte relativa aos residuos de pilas ou acumuladores xerados fóra de España que sexan importados e entregados á instalación para o seu tratamento. Os datos e información correspondentes a cada unha destas partes presentaranse de forma separada en dous cadros de datos que se axustarán ao formato establecido no anexo XII da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Así mesmo, incluírase na memoria a información sobre a identificación, se é o caso, do sistema de responsabilidade ampliada ou xestor que entregase os residuos á instalación.

b) O informe anual, a que se refire o artigo 3.4 do Regulamento (UE) n.º 493/2012, do 11 de xuño de 2012, polo que se establecen normas detalladas para o cálculo dos niveis de eficiencia dos procesos de reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores. Este informe comprenderá, de forma separada, os datos relativos aos residuos de pilas ou acumuladores xerados en territorio español e entregados á instalación para o seu tratamento dos procedentes doutros países.

3. Antes do 1 de xuño de cada ano, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán anualmente á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a seguinte información referida ao seu ámbito territorial, elaborada a partir dos datos obtidos como resultado das súas propias competencias e dos datos subministrados polos produtores, polos sistemas de responsabilidade ampliada e polas instalacións de tratamento e reciclaxe:

a) Identificación dos produtores e dos sistemas establecidos na comunidade autónoma para a recollida e xestión de pilas, acumuladores ou baterías, así como as características, condicións e alcance dos acordos voluntarios que, ao respecto, estivesen en vigor na dita comunidade autónoma.

b) Cantidades estimadas, en peso e tipos, de pilas, acumuladores e baterías postos á venda no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente durante cada un dos tres anos naturais precedentes.

c) Cantidades reais, en peso e tipos, dos residuos de pilas ou acumuladores recollidos e xestionados na comunidade autónoma correspondente durante o ano natural precedente.

d) Índice estimado de recollida alcanzado no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente durante o ano natural precedente e comparación co índice de recollida real alcanzado durante ese ano no conxunto do territorio español.

e) Se é o caso, identificación das instalacións de tratamento e reciclaxe situadas no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente, con indicación dos procedementos e procesos levados a cabo nelas, o tipo de pilas, acumuladores e baterías tratados, e a capacidade de tratamento e reciclaxe por cada un dos tipos e procesos.



f) Cantidades, en peso e por tipos, dos residuos de pilas ou acumuladores tratados e reciclaxes nas ditas instalacións durante o ano natural precedente, desagregando as cantidades xeradas en territorio español das importadas para o seu tratamento e reciclaxe.

g) Fraccións de saída e niveis de eficiencia de reciclaxe alcanzados durante o ano natural precedente, nos procesos de reciclaxe dos residuos de pilas, ou acumuladores xerados en territorio español e entregados ás ditas instalacións, calculados conforme o Regulamento (UE) n.º 493/2012 da Comisión, do 11 de xuño de 2012, para cada un dos casos indicados na parte B do anexo III.

h) As innovacións e medidas adoptadas polos produtores para reducir o contido de metais pesados e outras substancias perigosas nas pilas, acumuladores e baterías.

i) Outros datos que a autoridade competente da comunidade autónoma correspondente considere oportunos ou necesarios para a comprobación de que se cumpre o presente real decreto.

4. A documentación relativa ás obrigas de información a que fan referencia os anteriores puntos deberá remitirse en soporte electrónico e, cando sexa posible, estas obrigas tramitaranse por vía electrónica.»

Dezasete. O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As administracións públicas, os operadores económicos e os sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada estarán obrigados a proporcionar aos consumidores e ao público en xeral información completa e rigorosa sobre a xestión dos residuos de pilas ou acumuladores. Esta información poderase canalizar a través de campañas conxuntas de concienciación cidadá, publicacións ou outras vías similares, caso en que, cando se trate de pilas, acumuladores ou baterías que non sexan portátiles, se poderán establecer acordos entre as distintas partes interesadas mencionadas para o financiamento e realización da dita información. Os contidos informativos mínimos referiranse a:»

Dezaoito. Suprímese o punto 3 e modifícase a letra c) do punto 1 do artigo 20, que queda redactado nos seguintes termos:

«c) Que se inscriban no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo.»

Dezanove. O artigo 21 queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Obrigas dos usuarios finais e posuidores.*

Os usuarios finais ou posuidores estarán obrigados a entregar as pilas, acumuladores e baterías usados que posúan conforme as prescricións de recollida establecidas nos artigos 10 e 11 nos correspondentes puntos de recollida selectiva, nos establecementos dos distribuidores ou vendedores, ou a xestores de residuos debidamente rexistrados, para a súa correcta xestión de acordo co disposto neste real decreto.»

Vinte. O artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Réxime sancionador.*

1. As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto estarán sometidas ao réxime sancionador regulado na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

2. No suposto de que un sistema de responsabilidade ampliada non cumpra as condicións da comunicación, as autoridades competentes onde se incumpran as



condicións poderán iniciar un procedemento sancionador, poderán promover unha execución parcial da garantía financeira, así como revogar parcialmente a comunicación ou autorización, suspendendo a actividade do sistema no seu territorio. Se o sistema incumpre xeneralizadamente poderase proceder a unha execución total da garantía, á revogación da súa actividade e á baixa no Rexistro de Producción e Xestión por parte da autoridade competente que rexistrou o sistema.»

Vinte e un. A disposición adicional primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Inscripción no Rexistro Integrado Industrial de ámbito estatal.*

1. Todos os produtores de pilas, acumuladores ou baterías deberán inscribirse ou estar inscritos na sección especial, creada para iso, do Rexistro Integrado Industrial de ámbito estatal, constituído ao abeiro da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e do Regulamento do Rexistro Integrado Industrial, aprobado polo Real decreto 559/2010, do 7 de maio. O procedemento de rexistro e inscrición, específico para a dita sección, deberá cumprir os requisitos establecidos no anexo IV.

2. O rexistro asignará a cada produtor rexistrado un número de rexistro como produtor de pilas, acumuladores ou baterías. O dito número servirá para identificar os produtores na comprobación do cumprimento dos seus dereitos e obrigas, para o cal os produtores deberán incluír o número de rexistro en todas as facturas ou documentos relativos ás transaccións comerciais de pilas, acumuladores ou baterías levadas a cabo entre eles e os distribuidores. No caso de vendas a distancia, os produtores deberán facer constar o seu número de rexistro, tanto na páxina electrónica ou instrumento que dea soporte á venda como na factura emitida ao comprador ou usuario.

3. Ademais da información indicada no anexo IV, os produtores deberán achegar anualmente á dita sección do rexistro a seguinte información engadida:

a) Identificación da comunidade autónoma onde se encontre localizada a sede do produtor e das comunidades autónomas onde se vendan as pilas, acumuladores ou baterías postos no mercado polo produtor.

b) Técnica de venda utilizada e marcas comerciais, por cada tipo de pila, acumulador ou batería postos no mercado polo produtor.

c) Identificación do sistema de responsabilidade ampliada utilizado polo produtor, con indicación, se é o caso, da entidade administradora do sistema, o ámbito xeográfico da súa actividade e o tipo e contía da garantía financeira, xunto coa documentación acreditativa correspondente.

d) Cantidades en peso e unidades, por tipos, orixe e usos de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado polo produtor, durante o ano natural precedente, para a súa venda ao usuario final en territorio español. Estas cantidades deberán, ademais, fornecerse de forma desagregada, diferenciando as correspondentes ao mercado de reposición das correspondentes ao mercado de produtos novos que as incorporen.

e) Cantidades en peso e unidades, por tipos, orixe e usos, de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado español polo produtor, durante o ano natural precedente, que posteriormente por distintos motivos saen fóra do territorio español para a súa venda posterior ao usuario final (por exemplo: cantidades exportadas ou transferidas a outros países da Unión Europea incorporadas a aparellos ou vehículos, cantidades exportadas ou transferidas directamente a centros comerciais do distribuidor localizados noutros países, vendidas por procedementos a distancia a usuarios doutros países, etc.).

f) Cantidade total en peso e unidades, por tipos, orixe e usos, de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado español polo produtor durante o ano natural precedente. Esta cantidade debe ser o resultado da suma das cantidades indicadas nas letras d) e e).

g) Declaración de que a información anual subministrada é verídica.

A introdución destes datos realizarase por vía electrónica mediante a aplicación desenvolvida polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. No caso de que, por razóns xustificadas de forza maior, non fose posible a achega destes datos por vía electrónica poderanse achegar excepcionalmente en soporte papel.

Para os efectos do contido da dita información, a desagregación por tipos de pilas, acumuladores e baterías distinguirá como mínimo os distintos tipos establecidos no artigo 5.1; a desagregación por orixe deberá distinguir pilas, acumuladores ou baterías fabricados en España polo propio produtor, fabricados en España por outra empresa, importados de países terceiros, adquiridos noutros países da Unión Europea ou adquiridos mediante venda a distancia, e a desagregación por usos distinguirá pilas ou acumuladores portátiles, de automoción ou industriais.

4. O rexistro remitirá, dentro dos catro primeiros meses de cada ano, á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, un informe resumo en que figuren as cantidades de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado español durante o ano natural precedente por cada un dos produtores rexistrados, desagregadas conforme o especificado nas letras d), e) e f) do punto 3, con identificación dos sistemas de responsabilidade ampliada utilizados por cada produtor e a técnica utilizada para a venda dos seus produtos.»

Vinte e dous. Incorpórase o seguinte anexo IV:

#### «ANEXO IV

##### **Requisitos procedementais de rexistro no Rexistro Integrado Industrial**

###### 1. Requisitos de rexistro.

A inscrición de rexistro dos produtores de pilas, acumuladores e baterías realizarase por vía electrónica ante a sección especial, habilitada para iso, do Rexistro Integrado Industrial constituído como órgano de rexistro. No caso de que non fose posible a inscrición electrónica por razóns xustificadas de forza maior, esta poderá levarse a cabo excepcionalmente en soporte papel.

Os produtores de pilas, acumuladores e baterías só terán que realizar a inscrición de rexistro unha soa vez, e ao rexistrarse recibirán un número de rexistro.

###### 2. Información que deben facilitar os produtores.

No momento de rexistrarse, para os fins de inscrición, os produtores de pilas, acumuladores e baterías facilitarán ao órgano de rexistro a seguinte información:

a) Nome e apelidos do produtor e marcas (se é o caso) con que opera en España.

b) Enderezo ou enderezos do produtor: código postal, localidade, rúa e número, país, URL e número de teléfono, así como persoa de contacto, número de fax e enderezo de correo electrónico do produtor, se estivesen dispoñibles.

c) Indicación da clase de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado polo produtor: pilas e acumuladores portátiles, pilas e acumuladores industriais ou pilas e acumuladores de automoción.

d) Información sobre como cumpre o produtor as súas responsabilidades: individualmente ou a través dun sistema colectivo (indicando se é sistema individual ou colectivo de responsabilidade ampliada, e se hai contribución a un sistema público ou establecemento de sistema de depósito, devolución e retorno, con indicación, ademais, de se participa en acordos voluntarios).

e) Data da solicitude de rexistro.

- f) Código nacional de identificación do produtor, incluído o seu número de identificación fiscal europeo ou o número de identificación fiscal nacional (optativo).
- g) Declaración de que a información subministrada é verídica.

### 3. Tarifas de rexistro.

O órgano de rexistro só poderá aplicar tarifas de rexistro se estas son proporcionadas e están baseadas nos custos.

Cando o órgano de rexistro aplique tarifas de rexistro, informará as autoridades nacionais competentes sobre a metodoloxía utilizada para calculalas.

### 4. Modificación dos datos de rexistro.

No caso de modificación dos datos, cada produtor estará obrigado a actualizar a información indicada no punto 2, e informará diso o órgano de rexistro no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza calquera modificación.

### 5. Baixa do rexistro.

Cando os produtores deixen de ser produtores en España, daranse de baixa do rexistro e informarán diso o órgano de rexistro.»

#### **Disposición transitoria primeira.** *Adaptación dos sistemas individuais e integrados de xestión aos novos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor.*

Os sistemas individuais e integrados de xestión adaptaranse aos sistemas individuais e colectivos de responsabilidade ampliada no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto en aplicación da disposición transitoria cuarta da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Para estes efectos, nos seis meses seguintes á publicación deste real decreto, os produtores presentarán á autoridade competente a comunicación do sistema individual ou a solicitude de autorización como sistema colectivo de responsabilidade ampliada, segundo o previsto nos puntos sete, oito e nove do artigo único deste real decreto e o capítulo III do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro.

Os sistemas individuais e integrados de xestión que xa estivesen constituídos no momento da entrada en vigor deste real decreto seguirán funcionando conforme o réxime anterior ata que se adapten ás novas disposicións, segundo se establece no parágrafo precedente.

#### **Disposición transitoria segunda.** *Regulación das garantías financeiras.*

Ata a adaptación dos sistemas individuais e integrados de xestión ao réxime da responsabilidade ampliada previsto neste real decreto de conformidade coa disposición transitoria primeira, as garantías financeiras xa depositadas cubrirán as finalidades previstas no momento da súa constitución e seguirán en vigor.

Tras a adaptación dos sistemas de responsabilidade ampliada ao establecido neste real decreto, aplicaranse as previsións sobre garantías financeiras contidas neste real decreto. Non obstante, se o Regulamento sobre garantías financeiras, a que se refiren os artigos 7.3 e 8.6, non estivese en vigor no momento da solicitude de autorización dun sistema colectivo de responsabilidade ampliada ou da presentación da comunicación dun sistema individual, a garantía financeira subscribirase nos termos en que se estivese facendo ata o momento.

#### **Disposición transitoria terceira.** *Inscripción de produtores que realizan venda a distancia no Rexistro Integrado Industrial.*

Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías que estean poñendo os seus produtos no mercado a través de venda a distancia sen estar dados de alta no Rexistro

Integrado Industrial deberán inscribirse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación do dereito comunitario.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/56/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2006/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores, polo que respecta á posta no mercado de pilas e acumuladores portátiles que conteñan cadmio, destinados a utilizarse en ferramentas eléctricas sen fíos, e de pilas botón cun baixo contido de mercurio, e se derroga a Decisión 2009/603/CE da Comisión.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN